



CONCELLO
DE
VALDOVIÑO

BANDO

José Antonio Vigo Lago, como Alcalde-Presidente do Concello de Valdoviño, en base ás atribucións que me confire o artigo 21.1.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, en relación co disposto no artigo 84.1.a) do mesmo texto normativo, que establece a posibilidade de intervir a actividade dos cidadáns por parte dos Concellos, é polo que a través do presente BANDO,

FAGO SABER:

Que debo lembrar que segundo a Sentencia do Tribunal Supremo do 16 de decembro de 1987 existe unha superioridade na escala zoolóxica do home sobre os animais.

Que o Decreto 153/1998, do 2 de abril, polo que se aproba o Regulamento que desenrola a Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección dos animais domésticos e salvaxes en cautividade establece no artigo 49.4 que as autoridades municipais limitarán ou prohibirán, no seu caso, as zonas e horas en que poderán circular ou permanecer os cans e outros animais nas praias. En desenrolo de dito artigo foi aprobada a **Ordenanza reguladora do uso das praias no concello de Valdoviño** (BOP de A Coruña nº 210 do 25-09-2009) na que se establece no artigo 24 do seu articulado que **queda prohibida a presenza de animais na praia dentro da tempada de baño**, (agás os cans guía de cego) a vulneración deste precepto considérase **infracción grave** de acordo co disposto no artigo 41.g) da devandita ordenanza, sendo sancionado previo expediente incoado ao efecto, cunha **multa pecuniaria dende 300,01 ata 1.500 euros** (artigo 43.b da Ordenanza).

Asimesmo compre indicar que son responsables das sancións tipificadas nesta ordenanza, todas aquelas persoas que participasen na comisión do feito infractor por calquera título, sexan persoas físicas ou persoas jurídicas, excepto nos supostos nos que sexan menores de idade, onde responderán os pais, titores ou aqueles que dispoñan da custodia legal. En relación aos animais, en ausencia do propietario será responsable subsidiario a persoa que no momento de producirse a acción levaba o animal.

Polo exposto prégame a todos os cidadáns que en aras dunha óptima convivencia e do disfrute seguro das nosas praias respecten a normativa citada *ut supra*.

En Valdoviño a 5 de agosto de 2011.

O ALCALDE PRESIDENTE

Asdo: José Antonio Vigo Lago

